





Concello de Vigo

Teléfono denuncia
091
Máis información no Centro Municipal
de Información dos Dereitos da Muller
986 293 963




 MULLERES ASASINADAS EN ESPAÑA
EN 2006 VÍTIMAS
DA VIOLENCIA DE XÉNERO
(FONTE: INSTITUTO DA MULLER)



Campaña Municipal contra a Violencia de Xénero


VIGO 2007




NA VIOLENCIA DE XÉNERO
NON HAI TREGUA

25 de novembro,
Día Internacional contra a Violencia de Xénero




 MULLERES ASASINADAS EN ESPAÑA
NO QUE VAI DE ANO
VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO
(FONTE: INSTITUTO DA MULLER)



A campaña "Na Violencia de xénero non hai tregua", que a Concellería de Igualdade de Vigo puxo en marcha o pasado mes de maio, quixo levar a un espazo público a magnitude dunha traxedia que xa se ten cobrado 67 vítimas no que vai de ano en España. O lugar elixido foi a Lonxa do Concello, onde centenas de persoas realizan as súas xestións diariamente. Por desgracia, as figuras brancas colocadas foron incrementándose de xeito considerable neste tempo. Cada figura representa unha nova vítima, xuntas representan un grave problema social.

Ademais desta chamada de atención, a campaña quere incidir na necesidade de apoiar ás vítimas, a través da denuncia por parte dos cidadáns e das cidadáns dos casos que coñecen, a través do desterro dos mitos e falsas crenzas en torno a esta traxedia, ata chegar non só a erradicar os asasinatos de mulleres senón as ameazas, o chantaxe emocional, a violencia física, sexual e o abuso económico que exercen os agresores.

NA VIOLENCIA DE XÉNERO NON HAI TREGUA



Co gallo da conmemoración do Día Internacional Contra a Violencia de Xénero, que se celebra o 25 de novembro, a Concellería de Igualdade instalará na rúa do Príncipe un marcador dixital que indicará o número de mulleres mortas en España pola Violencia de Xénero e se actualizará cada vez que se produza unha nova vítima. O número leva un asterisco na súa parte superior, como chamada de atención sobre o significado deste número: Mulleres asasinadas en España por Violencia de Xénero e a fonte da que provén o dato.

A actualización dos datos deste marcador, a cifra que crece, representa unha nova traxedia que se manifesta neste espazo público onde late o corazón da cidade.

VIGO 2007

Ti podes axudar a frear esta traxedia. Se coñeces un caso de violencia de xénero, denúnciao.